

# Xogo de pistas

Aquí cheira a morto!

O tema é a novela negra.

- Durante dúas semanas, todos os días, de luns a xoves, ás 11 da mañá, publicaranse no taboleiro de anuncios situado á dereita da porta da biblioteca e no blog da biblioteca, <http://biblomelide.blogspot.com> 6 preguntas pertencentes a dous ou tres libros relacionados coa novela negra.

- Os equipos estarán formados por 1, 2 ou 3 persoas, e poden pertencer a distintos cursos ou grupos.

- Os equipos terán 24 horas para contestar as preguntas.

- Poderase consultar calquera tipo de material: Internet, diccionarios, enciclopedias, atlas, guías...

- Os equipos deben resolver as preguntas e contestalas todas, sen deixar ningunha en branco, na ficha que aparecerá cada día no blog, no caso contrario, anularanse todas as demais respuestas da sesión.

- As respostas constarán como máximo de 4 palabras (Incluídos artigos, preposicións...). Se aparecen máis, quedarán invalidadas.

- Cada pregunta contestada correctamente valerá 3 puntos, cada resposta incorrecta valerá 0, non puntuará negativamente.

- Non se admitirán abreviaturas, e deberase respectar a correcta ortografía das palabras. Calquera erro na transcripción da palabra, invalidará a resposta.

- As respostas contestadas fóra de hora non puntuarán.

- En caso de empate, realizarase un preguntón nun recreo. Gañará o que conteste as preguntas correctamente, e, en caso de empate, o grupo que conteste más rápido. Se ainda así persiste o empate, repartírase o premio.

- Os venres aparecerá, tanto no taboleiro como no blog, un preguntón, que se deberá contestar antes do luns seguinte ás 11 da mañá e que, dada a súa maior dificultade, valerá 28 puntos.

- O equipo que teña más puntos ao final será o gañador do concurso.

- A inscrición farase a través de internet en [www.biblomelide.blogspot.com](http://www.biblomelide.blogspot.com) do día 30 xaneiro ao 3 de febreiro. Facilitarase o acceso aos ordenadores na biblioteca e na aula de informática durante o recreo, tanto durante os días de inscrición como no tempo que dure o xogo.

- O xogo de pistas comezará o día 6 de febreiro.

- O xurado estará composto polos membros do equipo de biblioteca.

- Se o xurado detecta que houbo algúna axuda por parte do profesorado, quedará descalificado.

- Haberá 3 premios que consistirán en vales para mercar libros ou material escolar en calquera das librerías de Melide e algún agasallo sorpresa. O grupo que obteña o primeiro premio, terá un vale por valor de 100 euros. O segundo, 60 e o terceiro, 40.



biblomelide